


---

# Rehabilitación enerxética e construtiva de edificio de vivendas e local comercial

---

En Lugar Gándara nº20, Ribeira, A Coruña



## III. Prego de condicións

Alumna: VANESA LÓPEZ LIJÓ

Director Académico: Prof. D. ÁLVARO J. IGLESIAS MACEIRAS



A Coruña, Xullo 2018



## Índice

---

1	Prego de cláusulas administrativas. Prego Xeral.....	5
1.1	Disposicións xerais.....	5
1.1.1	Disposicións de carácter xeral .....	5
1.1.2	Disposicións relativas a traballos, materiais e medios auxiliares.....	7
1.1.3	Recepcións de edificios e obras alleas .....	11
1.2	Disposicións facultativas.....	14
1.2.1	Delimitación xeral de funcións técnicas.....	14
1.3	Disposicións Económicas.....	19
1.3.1	Contrato de obra .....	19
1.3.2	Criterio xeral.....	19
1.3.3	Fianzas .....	19
1.3.4	Dos prezos .....	20
1.3.5	Obras por administración.....	22
1.3.6	Valoración e abono dos traballos.....	24
1.3.7	Indemnizacións mutuas.....	26
1.3.8	Varios .....	27
1.3.9	Retención en concepto de garantía .....	29
1.3.10	Prazos de execución. Planning de obra.....	29
1.3.11	Liquidación económica das obras.....	29
1.3.12	Liquidación final da obra .....	29
2	Prego Xeral Condicións Técnicas. Prego Particular.....	30
2.1	Descrición.....	30
2.2	Prescricións sobre os materiais .....	30
2.2.1	Garantías de calidade. Marcado CE.....	31
2.2.2	Formigóns.....	32
2.2.3	Aceiros para formigón armado .....	34
2.2.4	Morteiros.....	38
2.2.5	Conglomerantes.....	39
2.2.6	Materiais cerámicos.....	40
2.2.7	Sistema de placas .....	42
2.2.8	Illantes e impermeabilizantes.....	45
2.2.9	Carpintería e ferraxaría .....	46
2.2.10	Vidros .....	47
2.2.11	Instalacións .....	48
2.3	Prescricións en canto á execución por unidade de obra .....	51
2.3.1	Actuacións previas.....	54

2.3.2	Demolición.....	62
2.3.3	Acondicionamento do terreo .....	69
2.3.4	Rede de saneamento horizontal .....	72
2.3.5	Cerramentos exteriores.....	77
2.3.6	Carpintaría e ferraxaría exterior .....	78
2.3.7	Illamentos e impermeabilizacións.....	87
2.3.8	Cubertas.....	87
2.3.9	Particións interiores .....	90
2.3.10	Falsos teitos .....	91
2.3.11	Revestimentos e solados .....	93
2.3.12	Carpintería interior.....	100
2.3.13	Instalación de fontanería .....	105
2.3.14	Instalación de saneamento.....	111
2.3.15	Instalación de calefacción e ventilación .....	115
2.3.16	Instalación de electricidade e iluminación .....	119
2.3.17	Instalación de captación solar .....	132
2.3.18	Protección contra incendios .....	133
2.3.19	Equipamento e aparatos sanitarios .....	135
2.3.20	Urbanización e xardinaría .....	145
2.3.21	Xestión de residuos.....	147
2.3.22	Plan de control de calidade .....	150
2.4	Prescricións sobre verificacións no edificio rematado .....	153

Segundo figura no Código Técnico da Edificación (CTE), aprobado mediante Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, o proxecto definirá as obras proxectadas con detalle axeitado as súas características, de xeito que poida comprobarse que as solucións propostas cumpren as esixencias básicas do CTE e demais normativa aplicable. Esta definición incluírá, ao menos, a seguinte información contida no Prego de condicións:

- **As características técnicas mínimas que deben reunir os produtos, equipos e sistemas** que incorporen de forma permanente ao edificio proxectado, así como as súas condicións de subministración, as garantías de calidade e o control de recepción que deba realizarse. Esta información atopase no apartado correspondente ás Prescricións sobre materiais, do presente Prego de Condicións.
- **As características técnicas de cada unidade de obra**, con indicación das condicións para a súa execución e as verificacións e controis a realizar para comprobar a súa conformidade co indicado no proxecto. Precisarase as medidas a adoptar durante a execución das obras e no uso e mantemento do edificio e sistemas construtivos. Esta información atopase no apartado correspondente ás Prescricións en canto á execución por unidades de obra, do presente Prego de condicións.
- **As verificacións e probas de servizo** que, no caso, deban realizarse para comprobar as prestacións finais do edificio. Esta información atopase no apartado correspondente ás Prescricións sobre verificacións no edificio rematado, do presente Prego de condicións.

## 1 Prego de cláusulas administrativas. Prego Xeral

---

### 1.1 Disposicións xerais

#### 1.1.1 Disposicións de carácter xeral

##### 1.1.1.1 Natureza e obxecto do prego xeral

Este Prego ten carácter complementario do Prego de Condicións particulares do Proxecto.

Ambos, como parte do proxecto arquitectónico teñen por finalidade regular a execución das obras fixando os niveis técnicos e de calidade esixibles, precisando as intervencións que corresponden, segundo contrato e conforme a lexislación aplicable, ao Promotor ou dono da obra, ao Construtor ou Construtor da mesma, os seus técnicos e encargados, ao Arquitecto Técnico redactor do presente proxecto e aos laboratorios e entidades de Control de Calidade, así como as relacións entre todos eles e as súas correspondentes obrigacións en orde ao cumprimento do contrato da obra.

##### 1.1.1.2 Contrato de obra

Recoméndase a contratación da execución das obras por unidades de obra, conforme aos documentos do proxecto e en cifras fixas. A tal fin, o Director de Obra ofrece a documentación necesaria para a realización do contrato de obra.

##### 1.1.1.3 Documentación do contrato de obra

Integran o contrato de obra os seguintes documentos relacionados por orde prelación en canto ao valor das súas especificacións en caso de omisión ou aparente contradición:

- As condicións fixadas polo propio documento de contrato de empresa ou arrendamento de obra, se existira.
- O prego de condicións particulares
- O resto da documentación de proxecto como son a memoria, planos xerais e de detalle, medicións e presuposto. En caso de contradición entre a memoria, medicións e presuposto cos planos primarán as especificacións literais sobre as gráficas, e as cotas sobre as medidas a escala tomadas dos planos.

Nas obras que o requiran, tamén formarán parte o Estudio de Seguridade e Saúde, e o Proxecto de Control de Calidade da Edificación.

Deberán incluír as condicións e delimitación dos campos de actuación de laboratorios e entidades de Control de Calidade, si a obra o requirise. As ordes e instrucións do Director de obra incorpóranse ao Proxecto como interpretación, complemento ou precisión das súas determinacións.

##### 1.1.1.4 Formalización do contrato de obra

Os contratos formalizaranse, en xeral, mediante documento privado, que podería elevarse a escritura pública por petición de calquera das partes.

O corpo destes documentos terá como contido o seguinte:

- A comunicación da adxudicación
- A copia do recibo de depósito da fianza (en caso de que se esixira)
- A cláusula na que se exprese, de forma categórica, que o Construtor obrigase ao cumprimento estrito do contrato de obra, conforme ao previsto neste Prego de Condicións, xunto ca Memoria e os seus Anexos, o Estado de Medicións, Presupostos, Planos e tódolos documentos que serven de base para a realización das obras definidas no presente Proxecto.

O Construtor, antes da formalización do contrato de obra dará tamén a súa conformidade coa firma ao pe do Prego de Condicións, os Planos, Cadro de Prezos e Presuposto Xeral.

Será a conta do adxudicatario tódolos gastos que ocasione a extensión do documento en que se consigne o Construtor.

#### 1.1.1.5 Xurisdición competente

No caso de non chegar a un acordo cando xurdan diferenzas entre as partes, ambas quedan obrigadas a someter a discusión de todas as cuestións derivadas do seu contrato ás Autoridades e Tribunais Administrativos conforme á lexislación vixente, renunciando ao dereito común e ao fora do seu domicilio, sendo competente a xurisdición onde estivese situada a obra.

#### 1.1.1.6 Accidentes de traballo

É de obrigado cumprimento o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposición mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e demais lexislación vixente que, tanto directa como indirectamente, inciden sobre a planificación da seguridade e saúde no traballo da construción, conservación e mantemento de edificios.

É responsabilidade do Coordinador de Seguridade e Saúde, en virtude do Real Decreto 1627/97, o control e seguimento, durante toda a execución da obra, do Plan de Seguridade e Saúde redactado polo Construtor.

#### 1.1.1.7 Danos e prexuízos a terceiros

O Construtor será responsable de tódolos accidentes que, por inexperiencia ou descoido, sobreviñeran tanto na edificación onde se efectúen as obras como nas colindantes ou contiguas. Será por tanto da súa conta o abono das indemnizacións a quen corresponda e cando a ele fose a lugar, e de tódolos danos e prexuízos que poidan ocasionarse ou causarse nas operacións da execución das obras.

Así mesmo, será responsable dos danos e prexuízos directos ou indirectos que se poidan ocasionar fronte a terceiros como consecuencias da obra, tanto nela como nas súas proximidades, incluso os que se produzan por omisión ou negligencia do persoal ao seu cargo, así como os que deriven dos subcontratistas e industriais que interveñan na obra.

É de responsabilidade manter vixente durante a execución dos traballos unha póliza de seguros fronte a terceiros, na modalidade de "Todo risco ao derribo e a construción", subscrita por unha compañía aseguradora ca suficiente solvencia para a cobertura dos traballos contratados. Dita póliza será aportada e ratificada polo Promotor ou Propiedade, non podendo ser cancelada mentres non se firme o Acta de Recepción Provisional da Obra.

#### 1.1.1.8 Anuncios e carteis

Sen previa autorización do Promotor, non se poderán colocar nas obras nin nos seus valados máis inscricións ou anuncios que os convenientes ao réxime dos traballos e os esixidos pola policía local.

#### 1.1.1.9 Copia de documentos

O Construtor, a súa costa, ten dereito a sacar copias dos documentos integrantes do Proxecto.

#### 1.1.1.10 Subministración de materiais

Especificarase no Contrato a responsabilidade que poida caber ao Construtor por retraso no prazo de terminación ou en prazos parciais, como consecuencia de deficiencias ou faltas nos subministracións.

#### 1.1.1.11 Achados

O Promotor reservase a posesión das antigüidades, obxectos de arte ou substancias minerais empregables que se atopen nas escavacións e demolicións practicadas nos seus terreos ou

edificaci3ns. O Construtor deber3 empregar, para extraelos, todas as precauci3ns que se indiquen por parte do Director de Obra.

O Promotor abonar3 ao Construtor o exceso de obras ou gastos especiais que estes traballos ocasionen, sempre que estean debidamente xustificadas e aceptados polo Director de obra.

#### 1.1.1.12 Causas de rescisi3n do contrato de obra

Considerar3n causas suficientes de rescisi3n de contrato:

- a. A morte ou incapacitaci3n do Construtor
- b. A quebra do Construtor
- c. As alteraci3ns do contrato polas causas seguintes:
  - a. A modificaci3n do proxecto en tal forma que represente alteraci3ns fundamentais do mesmo xuizo do Director de Obra e, en calquera caso, sempre que a variaci3n do Presuposto de Execuci3n Material, como consecuencia destas modificaci3ns, represente unha desviaci3n do 20%.
  - b. As modificaci3ns de unidades de obra, sempre que representen variaci3ns en m3is ou en menos do 40% do proxecto orixinal, ou m3is dun 50% de unidades de obra do proxecto reformado.
- d. A suspensi3n de obra comezada, sempre que o prazo de suspensi3n fora excedido dun ano e, en todo caso, sempre que por causas alleas ao Construtor non se de comezo 3 obra adxudicada dentro do prazo de tres meses a partires da adxudicaci3n. Neste caso, a devoluci3n da fianza ser3 autom3tica.
- e. Que o Construtor non comece os traballos dentro do prazo sinalado no contrato.
- f. O incumprimento das condici3ns do Contrato cando implique descoido ou mala fe, con prexuízo dos intereses das obras.
- g. O vencemento do prazo de execuci3n da obra.
- h. O abandono da obra sen causas xustificadas.
- i. A mala fe na execuci3n da obra.

#### 1.1.1.13 Omisi3ns. Boa fe.

As relaci3ns entre o Promotor e o Construtor, regulada polo presente Prego de Condici3ns e a documentaci3n complementaria, presentan a prestaci3n dun servizo ao Promotor por parte do Construtor mediante a execuci3n dunha obra, base3ndose na BOA FE mutua por ambas partes, que pretenden beneficiarse desta colaboraci3n sen ning3n tipo de prexuízo. Por este motivo, as relaci3n entre ambas partes e as omisi3ns que poidan existir neste Prego e a documentaci3n complementaria do proxecto e da obra, entenderase sempre suplidas pola boa fe das partes, que as subsanar3n debidamente co fin de conseguir unha axeitada calidade final da obra.

### 1.1.2 Disposici3ns relativas a traballos, materiais e medios auxiliares

Descríbense as disposici3ns b3sicas a considerar na execuci3n das obras, relativas aos traballos, materiais e medios auxiliares, as3 como a recepci3n do edificio obxecto do presente proxecto e as s3as obras anexas.

#### 1.1.2.1 Cami3os e accesos

O Construtor dispor3, pola s3a conta, os accesos 3 obra, o cerramento ou o valado desta e o seu mantemento durante a execuci3n da obra, podendo esixir o Director de Obra a s3a modificaci3n ou mellora.



#### 1.1.2.2 Inicio da obra e ritmo da execución dos traballos

O Construtor dará comezo ás obras no prazo especificado no respectivo contrato, desenrolándose de maneira axeitada para que dentro dos períodos parciais sinalados se realicen os traballos, de xeito que a execución total se leve a cabo dentro do prazo establecido no contrato.

Será obrigación do Construtor comunicar ao Director de obra o inicio das obras, de forma fehaciente e preferiblemente por escrito, ao menos con tres días de antelación.

O Director de obra redactará o acta de comezo da obra e a subscrición na mesma obra xunta con el, o día de comezo dos traballos, o Promotor e o Construtor.

Para a formalización da acta de comezo da obra, o Director da Obra comprobará que a obra existe copia dos seguintes documentos:

- Proxecto de Execución, Anexos e modificacións
- Plan de seguridade e saúde no traballo, e a súa acta de aprobación por parte do Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución dos traballos
- Licenza de obra outorgada polo Concello.
- Aviso previo á Autoridade laboral competente efectuado polo Promotor.
- Comunicación de apertura de centro de traballo efectuada polo Construtor
- Outras autorizacións, permisos e licencias que lle sexan perceptivas por outras administracións
- Libro de Ordes e Asistencias
- Libro de Incidencias

A data do acta de comezo de obra marca o inicio dos prazos parciais e total da execución da obra.

#### 1.1.2.3 Orde dos traballos

En xeral, a determinación do orde dos traballos é facultade da contrata, salvo aqueles casos en que, por circunstancias de orde técnico, estime conveniente a súa variación ao Director de Obra.

#### 1.1.2.4 Facilidades para outros construtores

De acordo co que requira o Director de Obra, o Construtor dará todas as facilidades razoables para a realización dos traballos que lle sexan encomendados aos Subcontratistas ou outros Construtores que interveñan na execución da obra. Todo elo sen prexuízo das compensacións económicas a que fora lugar pola utilización dos medios auxiliares ou os subministracións de enerxía ou outros conceptos. En caso de litixio, todos eles axustaranse ao que resolva o Director de Obra.

#### 1.1.2.5 Ampliación do proxecto por causas imprevistas ou de forza maior

Cando sexa preciso por motivo imprevisto ou por calquera accidente ampliar o Proxecto, non se interromperan os traballos, continuándose seguindo as instrucións dadas polo Arquitecto Técnico redactor do proxecto e Director de Obra en tanto se formula ou se tramita o Proxecto Reformado. O Construtor está obrigado a realizar co seu persoal e os seus materiais canto a Dirección das obras dispoña para apeos, apuntamento, derribas, recalzos ou calquera outra obra de carácter urxente, anticipando de momento este servizo, cuxo importe lle será consignado nun presuposto adicional ou abonado directamente, de acordo co que se conveña.

#### 1.1.2.6 Condicións xerais da execución dos traballos

Todos os traballos executaranse con estrita suxeición ao Proxecto, ás modificacións do mesmo que previamente foran aprobadas e ás ordes e instrucións que baixo a súa responsabilidade e por escrito entregue ao Arquitecto Técnico ao Construtor, dentro das limitacións presupostarias e de conformidade co especificado no artigo 15.

#### 1.1.2.7 Interpretacións, aclaracións e modificacións do proxecto

O Construtor poderá requirir o Director de Obra as aclaracións que precisen para a correcta interpretación e execución da obra proxectada.

Cando se trate de interpretar, aclarar ou modificar preceptos dos Pregos de condicións ou indicacións dos planos, ordes e instrucións correspondentes, comunicaranse necesariamente por escrito ao Construtor, estando este a súa vez obrigado a devolver os orixinais ou as copias, subscribindo ca súa firma o enterado, que figurará a pe de tódalas ordes, avisos e instrucións que reciba o Director de Obra.

Calquera reclamación que crea oportuno facer o Construtor en contra das disposicións tomadas polo Director de Obra, haberá que dirixila, dentro do prazo de tres días, a quen a mandara, o cal dará o correspondente recibo, se este o solicitase.

#### 1.1.2.8 Prórroga por causa de forza maior

Se, por causa de forza maior ou independentemente da vontade do Construtor, este non puidese comezar as obras, tivese que suspendelas ou non lle fora posible rematalas nos prazos prefixados, outorgaráselle unha prórroga proporcionada para o seu cumprimento, previo informe favorable do Director de Obra. Para elo, o Construtor exporá, en escrito dirixido ao Director de Obra, a causa que impide a execución ou a marcha dos traballos e o retraso que por elo orixinaríase nos prazos acordados, razoando debidamente a prórroga que por dita causa solicita.

#### 1.1.2.9 Documentación de obras ocultas

De todos os traballos e unidades de obra que quedaran ocultos á terminación do edificio, levantarase os planos precisos para que queden perfectamente definidos; estes documentos estenderanse por duplicado, entregándose: un, ao Arquitecto Técnico e outro ao Construtor, firmados ambos polos dous. Ditos planos, que deberán ir suficientemente acoutados, considéranse documentos indispensables e irrecusables para efectuar as medicións.

#### 1.1.2.10 Traballos defectuosos

O Construtor debe empregar os materiais que cumpran as condicións esixidas nas "Condicións xerais e particulares de índole Técnica" do Prego de Condicións e realizará todos e cada un dos traballos contratados de acordo co especificado tamén en dito documento.

Por elo, e ata que teña lugar a recepción definitiva do edificio, é responsable da execución dos traballos que contrataron e das faltas e defectos que nestes poidan existir pola súa mala execución ou pola deficiente calidade dos materiais empregados ou aparatos colocados, sen que se exonere de responsabilidade o control que compete ao Arquitecto Técnico, nin tampouco o feito de que estes traballos foran valorados nas certificacións parciais de obra, que sempre se entenderán estendidas e abonadas a boa conta.

Como consecuencia do anteriormente expresado, cando o Arquitecto Técnico advirta de vicios ou defectos nos traballos executados, ou que os materiais empregados ou os aparatos colocados non reúnan as condicións preceptuadas, xa sexa no curso da execución dos traballos, ou finalizados estes, e antes de verificarse a recepción definitiva da obra, poderase dispoñer que as partes defectuosas sexan demolidas e reconstruídas de acordo co contratado, e todo elo a expensas da contrata. Si esta non estimase xusta a decisión e se negase a demolición e reconstrución ordenadas, plantarase a cuestión ante o Arquitecto Técnico redactor do proxecto, quen o resolverá.

#### 1.1.2.11 Vicios ocultos

O Construtor é o único responsable dos vicios ocultos e dos defectos da construción, durante a execución das obras e o período de garantía, ata os prazos prescritos despois da terminación das obras na vixente LOE, aparte de outras responsabilidades legais ou de calquera indole que podan derivarse.

Se o Director de Obra tivese fundadas razóns para crer na existencia de vicios ocultos de construción nas obras executadas, ordenará, cando estime oportuno, realizar antes da recepción definitiva os ensaios, destrutivos ou non, que considere necesario para recoñecer ou diagnosticar os traballos que supoñan defectuosos.

O Construtor derribará, e reconstruirá posteriormente ao seu cargo, todas as unidades de obra mal executadas, as súas consecuencias, danos e prexuízo, non podendo eludir a súa responsabilidade polo feito que o Director de Obra o eximise ou recoñecese con anterioridade, ou fora conformada ou abandonada unha parte ou a totalidade das obras mal executadas.

#### 1.1.2.12 Procedencia de materiais, aparatos e equipos

O construtor ten liberdade de proveerse dos materiais, aparatos e equipos de tódalas clases onde considere oportuno e conveniente para os seus intereses, excepto en aqueles casos nos que se preceptúe unha procedencia e características específicas no proxecto.

Obrigatoriamente, e antes de proceder ao seu emprego, provisión e posta en obra, o Construtor deberá presentar ao Director de Obra unha lista completa dos materiais, aparatos e equipos que vaia a empregar, na que se especifiquen todas as indicacións sobre as súas características técnicas, marcas, calidades, procedencia e idoneidade de cada un deles.

#### 1.1.2.13 Presentación de mostras

A petición do Director de Obra, o Construtor presentará as mostras dos materiais, aparatos e equipos, sempre ca antelación prevista en calendario de obra.

#### 1.1.2.14 Materiais non utilizables

O Construtor, a súa costa, transportará e colocará, agrupándoos ordenadamente e no lugar axeitado, os materiais procedentes das escavacións, derribas, etc, que non sexan utilizables na obra.

Retiraranse desta ou levaranse ao vertedoiro, cando así estivese establecido no Prego de Condicións Particulares vixente na obra. Se non se houbera preceptuado nada sobre o particular, retiraranse dela cando así o ordene o Arquitecto Técnico, pero acordando previamente co Construtor a xusta taxación, tendo en conta o valor de ditos materiais e os gastos do seu transporte.

#### 1.1.2.15 Materiais, aparatos e equipos defectuosos

Cando os materiais, elementos de instalacións ou aparatos non fosen de calidade prescrita neste Prego, ou non tiveran a preparación nel esixida ou, en fin, cando a falta de prescricións formais daquel, se recoñecera ou demostrara que non eran axeitados para o seu obxecto, o Arquitecto Técnico redactor do proxecto e director de obra, dará orde ao Construtor de substituílos por outros que satisfagan as condicións ou enchan o obxecto a que se destine.

Se aos quince días de recibir o Construtor orde de que retire os materiais que non estean en condicións, non fora cumprida, poderá facelo a Propiedade cargando os gastos á contrata.

Se os materiais, elementos de instalacións ou aparatos foran defectuosos, pero aceptables a xuízo do Arquitecto Técnico, recibiranse pero coa rebaixa do prezo que aquel determine, a non ser que o Construtor prefira substituílos por outros en condicións.

#### 1.1.2.16 Gastos ocasionados por probas e ensaios

Tódolos gastos orixinados polas probas e ensaios de materiais ou elementos que interveñan na execución das obras correrán a cargo e conta do Construtor.

Todo ensaio que non resulte satisfactorio, non se realice por omisión do Construtor, ou que non ofrezca as suficientes garantías, poderá comezarse novamente ou realizarse novos ensaios ou probas especificadas no proxecto, a cargo e conta do Construtor e ca penalización correspondente, así

como todas as obras complementarias a que puideran dar lugar calquera dos supostos anteriormente citados e que o Director da Obra considere necesarios.

#### 1.1.2.17 Limpeza das obras

É obrigación do Construtor manter limpas as obras e as súas proximidades tanto de escombros como de materiais sobrantes, retirar as instalacións provisionais que non sexan necesarias, así como executar tódolos traballos e adoptar as medidas que sexan apropiadas para que a obra presente bo aspecto.

#### 1.1.2.18 Obras sen prescricións explícitas

Na execución de traballos que pertencen á construción das obras, e para os cales non existan prescricións consignadas explicitamente neste Prego nin na restante documentación do proxecto, o Construtor atenderase, en primeiro termo, ás instrucións que dite o Director de Obra das obras e, en segundo lugar, ás normas e prácticas da boa construción.

### 1.1.3 Recepcións de edificios e obras alleas

#### 1.1.3.1 Acta de recepción

A recepción da obra é o acto polo cal o construtor concluída esta, fai entrega da mesma ao promotor e é aceptada por este. Poderá realizarse con ou sen reservas e deberá abarcar a totalidade da obra ou fases completas e terminadas da mesma, cando así se acorde polas partes.

A recepción deberá consignarse nunha acta firmada, polo menos, polo promotor e o construtor, e na mesma farase constar:

- As partes que interveñen
- A data do certificado final da totalidade da obra ou da fase completa e rematada da mesma.
- O custo final da execución material da obra.
- A declaración da recepción da obra con ou sen reservas, especificando, no seu caso, de maneira obxectiva, o prazo no que deberán quedar arranxados os defectos observados.
- Unha vez arranxados os mesmos, farase constar nun acta aparte, subscripta polos firmantes da recepción.
- As garantías que, no seu caso, se esixan ao construtor para asegurar as súas responsabilidades.
- Axuntarse ao certificado final de obra subscrito polo director de obra e a documentación xustificativa do control de calidade realizado.

O promotor poderá rexeitar a recepción da obra por considerar que a mesma non está rematada ou que non se adecúe ás condicións contractuais. En todo caso, o rexeitamento deberá ser motivado por escrito no acta, na que se fixará o novo prazo para realizar a recepción.

Salvo pacto expreso en contrario, a recepción da obra terá lugar dentro dos trinta días seguintes a data da súa terminación, acreditada no certificado final de obra, prazo que se contará a partir da notificación efectuada por escrito ao promotor. A recepción entenderase tacitamente producida si transcorridos trinta días dende a data indicada o promotor non puxera de manifesto reservas ou rexeitamento motivado polo escrito.

O cómputo dos prazos de responsabilidade e garantía serán establecidos na LOE e iniciarase a partires da data en que se subscriba a acta de recepción, ou cando se entenda esta tacitamente producida segundo o previsto no apartado anterior.

#### 1.1.3.2 Das recepcións provisionais

Trinta días antes de dar por finalizadas as obras, comunicará o Director de Obra ao Promotor ou Propiedade a proximidade da súa terminación a fin de convir o acto da Recepción Provisional.

Estas realizaranse coa intervención da Propiedade, do Construtor e do Arquitecto Técnico. Convocarase tamén aos restantes técnicos que, no seu caso, interviñeran na dirección con función propia en aspectos parciais ou unidades especializadas.

Practicado un detido recoñecemento das obras, estenderase unha acta con tanto exemplares como intervenientes e firmados por todos eles. Dende esta data empezará a correr o prazo de garantía, si as obras non se atopasen en estado de ser admitidas. Seguidamente, o Técnico Director de Obra estenderá o correspondente Certificado de Final de Obra.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, farase constar no acta e darase ao Construtor as oportunas instrucións para remediar os defectos observados, fixando un prazo para resolvelos, expirado o cal, efectuarase un novo recoñecemento a fin de proceder á recepción provisional da obra. Se o Construtor non cumprira, poderá declarase resolto o contrato con perda da fianza.

#### 1.1.3.3 Documentación final

O Arquitecto Técnico, asistido polo Construtor e os técnicos que interveñan na obra, redactarán a documentación final das obras, que se facilitará á Propiedade. Dita documentación axuntarase, ao acta de recepción, ca relación identificativa dos axentes que interviñeran durante o proceso de edificación, así como a relativa ás instrucións de uso e mantemento do edificio e as súas instalacións, de conformidade ca normativa que lle sexa de aplicación. Esta documentación constituirá o Libro do Edificio, que será encargada polo promotor, será entregada aos usuarios finais do edificios. A súa vez, dita documentación divídese en:

a. Documentación de seguimento de obra.

Dita documentación segundo o Código Técnico da Edificación componse de:

- Libro de ordes e asistencia de acordo co previsto no Decreto 461/1971 do 11 de Marzo
- Libro de incidencias en materia de seguridade e saúde, segundo o Real Decreto 1627/1997 do 24 de Outubro.
- Proxecto cos seus anexos e modificacións debidamente autorizadas polo director de obra.
- Licenza de obras, de apertura do centro de traballo e, no seu caso, de outras autorizacións administrativas.

A documentación de seguimento será depositada polo director da obra no COAG.

b. Documentación de control de obra

O seu contido cuxa recopilación é de responsabilidade do director de obra xa que este proxecto carece de director de execución da obra, componse de:

- Documentación de control, que debe corresponder ao establecido no proxecto, máis nos seus anexos e modificacións.
- Documentación, instrucións de uso e mantemento, así como garantías dos materiais e subministracións que debe ser proporcionada polo construtor, sendo convinte recordarllo fehacientemente
- No seu caso, documentación de calidade das unidades de obra, preparada polo construtor e autorizada polo director de obra no seu colexio profesional.

c. Certificado final de obra

Este axustarase ao modelo publicado no Decreto 462/1971 do 11 de Marzo, do Ministerio de Vivenda, en onde o director da obra certificará dirixir a execución material das obras e controlando cuantitativa e cuantitativamente a construción e a calidade do edificado de acordo co proxecto, a documentación técnica que o desenrola e as normas de boa construción.

O director da obra certificará que a edificación fora realizada baixo a súa dirección, de conformidade co proxecto obxecto da licenza e a documentación técnica que o complementa, atopándose disposta para a súa axeitada utilización conforme ás instrucións de uso e mantemento.

Ao certificado final de obra uniráselle como anexos os seguintes documentos:

- Descrición das modificacións que, coa conformidade do promotor, que se introducirán durante a obra facendo constar a súa compatibilidade cas condicións de licenza.
- Relación dos controis realizados

#### 1.1.3.4 Medición definitiva dos traballos e liquidación provisional da obra

Recibidas provisionalmente as obras, procederase inmediatamente polo Arquitecto Técnico a súa medición definitiva, coa precisa asistencia do Construtor ou do seu representante. Estenderase a oportuna certificación por triplicado que, aprobada polo Arquitecto Técnico redactor do proxecto ca súa sinatura, servirá para o abono pola Propiedade do saldo resultante salvo cantidade retida en concepto de fianza (segundo o estipulado no artigo 6 da L.O.E).

#### 1.1.3.5 Prazo de garantía

O prazo de garantía deberá estipularse no Prego de Condicións Particulares e en calquera caso nunca deberá ser inferior a nove meses (un ano con Contratos das Administracións Públicas).

#### 1.1.3.6 Conservación das obras recibidas provisionalmente

Os gastos de conservación durante o prazo de garantía comprendido entre as recepcións provisional e definitiva, correrán a cargo do Construtor. Se o edificio fose ocupado ou empregado antes da recepción definitiva, a gardería, limpeza e reparacións causadas polo uso correrán a cargo do propietario e as reparacións por vicios de obra ou por defectos nas instalacións, serán a cargo da contrata.

#### 1.1.3.7 Da recepción definitiva

A recepción definitiva verificarase despois de transcorrido o prazo de garantía en igual forma e cas mesmas formalidades que a provisional, a partir de cuxa data rematará a obriga do Construtor de arranxar ao seu cargo aqueles danos inherentes á normal conservación dos edificios e quedarán só subsistentes todas as responsabilidades que puideran alcanzarlle por vicios da construción.

#### 1.1.3.8 Prórroga do prazo de garantía

Se ao proceder ao recoñecemento para a recepción definitiva da obra, non se atopase esta nas condicións debidas, aplazarase dita recepción definitiva e o Arquitecto Técnico-Director marcará ao Construtor os prazos e formas en que deberán realizarse as obras necesarias e, de non efectuarse dentro de aqueles, poderá resolverse o contrato coa perda da fianza.

#### 1.1.3.9 Das recepcións de traballos cuxa contrata fose rescindida

No caso de resolución do contrato, o Construtor virá obrigado a retirar, nun prazo que se fixe no Prego de Condicións Particulares, a maquinaria, medios auxiliares, instalacións, etc., a resolver os subcontratos que tivese concertados e a deixar a obra en condicións de ser renovada por outra empresa. As obras e traballos rematados por completo recibiránse provisionalmente cos trámites establecidos neste Prego de Condicións. Transcorrido o prazo de garantía recibiránse definitivamente segundo o disposto neste Prego. Para as obras e traballos non determinados pero aceptables a xuízo do Arquitecto Técnico Director, efectuarase unha soa e definitiva recepción.

## 1.2 Disposicións facultativas

### 1.2.1 Delimitación xeral de funcións técnicas

#### 1.2.1.1 Delimitación de competencias

##### **Ámbito de aplicación da L.O.E (Art 2 e 10.2 a)**

A Lei de Ordenación da Edificación é de aplicación ao proceso da edificación, entendendo por tal a acción e o resultado de construír un edificio de carácter permanente, público ou privado, cuxo uso principal estea comprendido nos seguintes grupos:

- Administrativo, sanitario, relixioso, residencial en todas as súas formas, docente e cultural
- Aeronáutico, Agropecuario, da enerxía, da hidráulica, mineiro, de telecomunicacións (referido á enxeñaría das telecomunicacións), do transporte terrestre, marítimo, fluvial e aéreo, forestal, industrial, naval, da enxeñaría e a súa explotación.
- Todas as edificacións cuxos usos non estean expresamente relacionados nos grupos anteriores.

Cando o proxecto teña por obxecto a construción de edificios para os usos indicados no primeiro grupo a titulación académica e profesional habilitante será de arquitecto.

Cando o proxecto a realizar teña por obxecto a construción de edificios para os usos indicados no segundo grupo, a titulación académica e profesional habilitante, con carácter xeral, será a de enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou arquitecto e virá determinada polas disposicións legais vixentes para cada profesión, de acordo cas súas respectivas especialidades e competencias específicas.

Cando o proxecto a realizar teña por obxecto a construción de edificios para os usos indicados no terceiro grupo, a titulación académica e profesional habilitante será a de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico e virá determinada polas disposicións legais vixentes para cada profesión, de acordo cas súas especialidades e competencias específicas.

Entenderase ademais como axentes da edificación a todas as persoas, físicas ou xurídica, que interveñen no proceso da edificación. As súas obrigacións quedan determinadas polo disposto na L.O.E e demais disposicións que sexan de aplicación e polo contrato que orixina a súa intervención.

#### 1.2.1.2 Promotor

##### *Artigo 9 da L.O.E.*

Será promotor calquera persoa, física ou xurídica, pública ou privada, que, individual ou colectivamente decide, impulsa, programa ou financia, con recursos propios ou alleos, as obras de edificación para si ou para a súa posterior alleamento, entrega ou cesión a terceiros baixo calquera título.

Son obrigacións do promotor:

- Ostentar sobre o solar a titularidade dun dereito que lle faculte para construír nel.
- Facilitar a documentación e información previa necesaria para a redacción do proxecto, así como a autorizar ao director de obra as posteriores modificacións do mesmo.
- Xestionar e obter as preceptivas licencias e autorizacións administrativas, así como subscribir o acta de recepción de obra.
- Designar ao Coordinador de Seguridade e Saúde para o proxecto e a execución da obra.
- Subscribir os seguros previstos na Lei de Ordenación da Edificación.

- Entregar ao adquirente, no seu caso, a documentación de obra executada, ou calquera outro documento exixible polas Administracións competentes.
- Calquera outro requisito municipal, autonómico ou estatal.

#### 1.2.1.3 Proxectista

##### *Artigo 10 da L.O.E*

O proxectista é o axente que, por encargo do promotor e con suxeición á normativa técnica e urbanística correspondente, redacta o proxecto.

As súas obrigacións son:

- Estar en posesión da titulación académica e profesional habilitante de arquitecto, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico, segundo corresponda, e cumprir as condicións exixibles para o exercicio da profesión. No caso de persoas xurídicas, designar ao técnico redactor do proxecto que teña a titulación profesional habilitante.
- Redactar o proxecto conforme á normativa vixente e ao que se estableza no contrato e entregalo, cos visados que no seu caso foran preceptivos.
- Acordar, no seu caso, co promotor a contratación de colaboradores parciais.

#### 1.2.1.4 Construtor

##### *Artigo 11 da L.O.E*

O construtor é o axente que asume, mediante contrato, ante o promotor, o compromiso de executar con medios humanos e materiais, propios ou alleos, as obras ou parte das mesmas con suxeición ao proxecto e ao contrato.

Son obrigacións do construtor:

- Executar a obra con suxeición ao proxecto, á lexislación aplicable e as instrucións do director de obra, ao fin de alcanzar a calidade esixida no proxecto.
- Ter a titulación ou capacitación profesional que habilita para o cumprimento das condicións exixibles para actuar como construtor.
- Nomear ao xefe de obra que asumirá a representación técnica do construtor en obra e que pola súa titulación ou experiencia deberá ter a capacitación axeitada de acordo cas características e complexidade da obra.
- Asignar á obra os medios humanos e materiais que a súa importancia requira.
- Organizar os traballos de construción, redactando os plans de obra que se necesiten e proxectando ou autorizando as instalacións provisionais e medios auxiliares da obra.
- Elaborar o Plan de Seguridade e Saúde da obra en aplicación do Estudo correspondente, e dispoñer, en todo caso, a execución das medidas preventivas, velando polo seu cumprimento e pola observancia da normativa vixente en materia de Seguridade e Saúde no traballo.
- Atender as indicacións e cumprir as instrucións do Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, e no seu caso da dirección facultativa, neste caso, o director de obra.



- Formalizar as subcontratacións de determinadas partes ou instalacións da obra dentro dos límites establecidos no contrato.
- Asinar o acta de traza ou de comezo e o acta de recepción da obra.
- Ordenar e dirixir a execución material conforme ao proxecto, ás normas técnicas e as regras da boa construción. A tal efecto, ostenta a xefatura de todo o persoal que interveña na obra e coordina as intervencións dos subcontratistas.
- Asegurar a idoneidade de todos e cada un dos materiais e elementos construtivos que se empreguen, comprobando os preparados en obra e rexeitando, por iniciativa propia ou por prescrición do Arquitecto Técnico, os subministracións ou prefabricados que non contén cas garantías ou documentos de idoneidade requiridos polas normas de aplicación.
- Custodiar os Libros de ordes e seguimento da obra, así como os de Seguridade e Saúde, e o de Control de Calidade, se os houbese, e coñecer as anotacións que en eles se practiquen.
- Facilitar ao Arquitecto Técnico con antelación suficiente, os materiais precisos para o cumprimento do seu cometido.
- Preparar as certificacións parciais de obra e a proposta de liquidación final.
- Subscribir co Promotor as actas de recepción provisional e definitiva.
- Concertar os seguros de accidentes de traballo e os danos a terceiros durante a obra.
- Facilitar ao director de obra os datos necesarios para a elaboración da documentación da obra executada.
- Facilitar o acceso á obra aos Laboratorios e Entidades de Control de Calidade contratados e debidamente homologados para o cometido das súas funcións.
- Subscribir as garantías por danos materiais ocasionados por vicios e defectos da construción previstas no artigo 19 da L.O.E.

#### 1.2.1.5 Director de obra

##### *Artigo 12 da L.O.E*

O director de obra é o axente que dirixe a obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

Son obrigacións do director de obra, nestas inclúense as obrigacións do director da execución obra, por recaer ambas figuras sobre a mesma persoa.

- Estar en posesión da titulación académica e profesional habilitante, e cumprir as condicións exixibles para o exercicio da profesión. En caso de persoas xurídicas, nomear ao director de obra que teña a titulación profesional habilitante.
- Verificar a traza e a adecuación da cimentación e da estrutura proxectada ás características xeotécnicas do terreo.

- Dirixir a obra coordinándoa co proxecto de execución, facilitando a súa interpretación técnica, económica e estética.
- Asistir ás obras, cantas veces o requira a súa natureza e complexidade, a fin de resolver as contingencias que se produzan na obra e consignar no Libro de Ordes e Asistencias as instrucións precisas para a correcta interpretación do proxecto.
- Elaborar, a requirimento do promotor ou ca súa conformidade, eventuais modificacións do proxecto, que veñan esixidas pola marcha da obra e sempre que as mesmas se adapten as disposicións normativas contempladas e observadas na redacción do proxecto.
- Coordinar, o programa de desenrolo da obra e o Proxecto de Control de Calidade da obra, con suxeición ao Código Técnico da Edificación e as especificacións do proxecto.
- Comprobar, os resultados dos análises e informes realizados por Laboratorios e/ou Entidades de Control de Calidade.
- Coordinar a intervención en obra de outros técnicos que, no seu caso, concorran á dirección con función propia en aspectos da súa especialidade.
- Dar conformidade ás certificacións parciais de obra e a liquidación final.
- Subscribir o acta de traza ou de comezo de obra e o certificado final de obra, así como conformar as certificacións parciais e a liquidación final das unidades de obra executadas, cos visados que no seu caso foran preceptivos.
- Asesorar ao Promotor durante o proceso de construción e especialmente no acto da recepción.
- Preparar co Construtor, a documentación gráfica e escrita do proxecto definitivamente executado para entregalo ao Promotor.
- A dita documentación axuntaráse, ao menos, o acta de recepción, a relación identificativa dos axentes que interviñeron durante o proceso de edificación, así como a relativa ás instrucións de uso e mantemento do edificio e as súas instalacións, de conformidade ca normativa que lle sexa de aplicación. Esta documentación constituirá o Libro do Edificio, e será entregada aos usuarios finais do edificio.

#### 1.2.1.6 Coordinador de Seguridade e Saúde

*Artigo 2.e, 3 e 9. Real Decreto 1627/1997*

O coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a execución da obra deberá desenrolar as seguintes funcións:

- Coordinar a aplicación dos principios xerais de prevención e de seguridade.
- Coordinar as actividades da obra para garantir que os construtor e, no seu caso, subcontratistas e os traballadores autónomos apliquen de maneira coherente e responsable os principios da acción preventiva que se recollen no artigo 15 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e en particular as que se refiren ao artigo 10 do Real Decreto 1652/1997 durante a execución da obra.
- Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado polo construtor e, no seu caso, as modificacións introducidas no mesmo.
- Coordinar as accións e funcións de control da aplicación correcta dos métodos de traballo.

- Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra. A dirección facultativa asumirá esta función cando non fose necesaria a designación de coordinador.

#### 1.2.1.7 Entidades e Laboratorios de Control de Calidade

##### *Artigo 14 da L.O.E*

As entidades de control de calidade da edificación prestan asistencia técnica na verificación da calidade do proxecto, dos materiais e da execución da obra e das súas instalacións de acordo co proxecto e da normativa aplicable. Os laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación prestan asistencia técnica, mediante a realización de ensaios ou probas de servizo dos materiais, sistemas ou instalacións dunha obra de edificación.

Son obrigacións das entidades e dos laboratorios de control de calidade:

- Prestar asistencia técnica e entregar os resultados da súa actividade ao axente autor do encargo e, en todo caso, ao director das obras.
- Xustificar a capacidade suficiente dos medios materiais e humanos necesarios para realizar axeitadamente os traballos contratados, e no seu caso, a través da correspondente acreditación oficial outorgada polas Comunidades Autónomas con competencia na material.

### 1.3 Disposicións Económicas

Todos os que interveñen no proceso de construción teñen dereito a percibir puntualmente as cantidades devengadas pola súa correcta actuación conforme ás condicións mediante contrato establecidas.

A propiedade, o construtor e, no seu caso, os técnicos poden esixirse reciprocamente as garantías axeitadas a cumprimentos puntuais das súas obrigacións de pago.

#### 1.3.1 Contrato de obra

Aconsellase que se firme o contrato de obra, entre o Promotor e o Construtor, antes de iniciarse as obras, evitando no posible a realización da obra por administración. Ao Director de obra facilitaráselle unha copia do contrato de obra, para poder certificar en termos pactados.

Só se aconsella contratar por administración aquelas partidas de obra irrelevantes e de difícil cuantificación, ou cando se desexe un acabado moi esmerado.

O contrato de obra deberá prever as posibles interpretacións e discrepancias que puideran xurdir entre as partes, así como garantir que o Director de obra, poida, coordinar, dirixir e controlar a obra, polo que é convinte que se especifique e determinen con claridade, como mínimo, os seguintes puntos:

- Documentos a aportar polo Construtor.
- Condicións de ocupación de solar e inicio das obras
- Determinación dos gastos de enganches e consumos.
- Responsabilidades e obrigacións do Construtor: Lexislación laboral
- Responsabilidade e obrigacións do Promotor.
- Presuposto do Construtor
- Revisión de prezos (no seu caso).
- Forma de pago: Certificacións
- Retencións en concepto de garantía (nunca menos do 5%).
- Prazos de execución: Penalizacións
- Recepción da obra: Provisional e definitiva
- Litixio entre as partes

Dado que este Prego de Condicións Económicas é complemento do contrato de obra, no caso de que non exista contrato de obra algún entre as partes comunicaráselle ao Director de Obra, que porá a disposición das partes o presente Prego de Condicións Económicas que poderá ser usado como base para a redacción do correspondente contrato de obra.

#### 1.3.2 Criterio xeral

- No caso de que o produto de aceiro corrugado sexa subministrado en rolo ou proceda de operacións de enderezado previas ao seu subministro, deberá indicarse explicitamente na correspondente folla de subministro.
- Despois do subministro
  - O certificado de garantía do produto subministrado, asinado pola persoa física con poder de representación suficiente.

**Distintivos de calidade e avaliacións de idoneidade técnica:** No seu caso, os subministradores entregarán ao Construtor, quen a facilitará á Dirección Facultativa, unha copia compulsada pola persoa física dos certificados que avalien que os produtos que se subministrarán estean en posesión dun distintivo de calidade oficialmente recoñecido, onde polo menos constará a seguinte información:

- Identificación da entidade certificadora.
- Logotipo do distintivo de calidade.
- Identificación do fabricante.
- Alcance do certificado.
- Garantía que queda cuberta polo distintivo (nivel de certificación).
- Número de certificado.
- Data de expedición do certificado.

Antes do inicio do subministro, a dirección Facultativa valorará, en función do nivel de garantía do distintivo e de acordo co indicado no proxecto e o establecido na Instrución de Formigón Estrutural (EHE-08), se a documentación aportada é suficiente para a aceptación do produto subministrado ou, no seu caso, que comprobacións deberán efectuarse.

#### **Ensaio:**

A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material se realiza segundo a Instrución de Formigón Estrutural (EHE-08).

No caso de efectuarse ensaios, os laboratorios de control facilitarán os seus resultados acompañados da incertidume de medida para un determinado nivel de confianza, así como a información relativa ás datas, tanto da entrada da mostra no laboratorio como da realización dos ensaios.

As entidades e os laboratorios de control de calidade entregarán os resultados da súa actividade ao axente autor do encargo e, en todo caso, á Dirección Facultativa.

#### **2.2.3.1.3 Conservación, almacenamento ou manipulación**

- Durante o almacenamento as armaduras protexeranse adecuadamente contra a choiva e da agresividade da atmosfera ambiental. Ata o momento do seu emprego, conservaranse en obra, coidadosamente clasificadas segundo os seus tipos, calidades, diámetros e procedencias, para garantir a necesaria trazabilidade.
- Antes da súa utilización e especialmente despois dun longo período de almacenamento en obra, examínase o estado da súa superficie, co fin de asegurarse de que non presenta alteracións perxudiciais. Unha lixeira capa de óxido na superficie das barras non se considera perxudicial para a súa utilización. Sen embargo, non se admitirán perdas de peso por oxidación superficial, comprobadas despois dunha limpeza con cepillo de alambres ata quitar o óxido adherido, que sexan superiores ao 1% respecto ao peso inicial da mostra.

- No momento da súa utilización, as armaduras pasivas deben estar exentas de substancias estrañas na súa superficie tales como graxa, aceite, pintura, polvo, terra ou calquera outro material prexudicial para a súa boa conservación ou a súa adherencia.
- A elaboración de armaduras mediante procesos de ferralla require dispoñer dunhas instalacións que permitan desenvolver, polo menos, as seguintes actividades:
  - Almacenamento dos produtos de aceiro empregados.
  - Proceso de enderezado, no caso de empregarse aceiro corrugado subministrado en rolo.
  - Proceso de corte, dobrado, soldadura e armado, segundo o caso.

#### 2.2.3.1.4 Recomendacións para o seu uso en obra

- Para previr a corrosión, deberase ten en conta todas as consideracións relativas aos espesores de recubrimento.
- Con respecto aos materiais empregados, prohibense poñer en contacto as armaduras con outros metais de moi diferente potencial galvánico.
- Prohibese empregar materiais compoñentes (auga, áridos, aditivos e/ou adicións) que conteñan ións despasivantes, como cloruros, sulfuros e sulfatos, en proporcións superiores ás establecidas.

#### 2.2.3.2 Mallas electrosoldadas

##### 2.2.3.2.1 Condicións de subministro

As mallas débense transportar protexidas adecuadamente contra a choiva e a agresividade da atmosfera ambiental.

##### 2.2.3.2.2 Recepción e control

**Documentación dos subministros:** Os subministradores entregarán ao Construtor, que os facilitará á Dirección Facultativa, calquera documento de identificación do produto esixido pola regulamentación aplicable ou, no seu caso, polo proxecto ou pola Dirección Facultativa. Facilitaranse os seguintes documentos:

- Antes do subministro:
  - Os documentos de conformidade ou autorizacións administrativas esixidas regulamentariamente.
  - Entregarase copia de documentación relativa ao aceiro para armaduras pasivas.
- Durante o subministro:
  - As follas de subministro de cada partida ou remesa.
  - As clases técnicas especificaranse mediante códigos de identificación dos tipos de aceiro empregados na malla mediante os correspondentes engrosamentos ou omisións de corrugas ou grafías. Ademais, as barras corrugadas ou os alambres, no seu caso, deberán levar gravadas as marcas de identificación que inclúan información sobre o país de orixe e o fabricante.
- Despois do subministro:
  - O certificado de garantía do produto subministrado, firmado por persoa física con poder de representación suficiente.

Distintivos de calidade e avaliacións de idoneidade técnica: No seu caso, os subministradores entregarán ao Construtor, que a facilitará á Dirección Facultativa, unha copia compulsada por persoa física dos certificados que avalien que os produtos que se subministrarán estean en posesión

dun distintivo de calidade oficialmente recoñecido, onde polo menos constará a seguinte información:

- Identificación da entidade certificadora.
- Logotipo do distintivo de calidade.
- Identificación do fabricante.
- Alcance do certificado.
- Garantía que queda cuberta polo distintivo (nivel de certificación).
- Número de certificado.
- Data de expedición do certificado.

Antes do inicio do subministro, a Dirección Facultativa valorará, en función do nivel de garantía do distintivo e de acordo co indicado no proxecto e o establecido na Instrución de Formigón Estrutural (EHE-08), se a documentación aportada é suficiente para a aceptación do produto subministrado ou, no seu caso, que comprobacións deben efectuarse.

#### Ensaio:

- A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realizase segundo a Instrución do Formigón Estrutural (EHE-08).
- No caso de efectuarse ensaios, os laboratorios de control facilitarán os seus resultados acompañados da incertidume de medida para un determinado nivel de confianza, así como a información relativa ás datas, tanto da entrada da mostra no laboratorio como da realización dos ensaios.
- As entidades e os laboratorios de control de calidade entregarán os resultados da súa actividade ao axente autor do encargo e, en todo caso, á Dirección Facultativa.

#### 2.2.3.2.3 Conservación, almacenamento e manipulación

- Durante o almacenamento as armaduras protexeranse adecuadamente contra a choiva, e da agresividade da atmosfera ambiental. Ata o momento do seu emprego, conservaranse en obra, coidadosamente clasificadas segundo os seus tipos, calidades, diámetros e procedencias, para garantir a necesaria trazabilidade.
- Antes da súa utilización e especialmente despois dun longo período de almacenamento en obra, examínase o estado da súa superficie, co fin de asegurarse que non presenta alteracións prexudiciais. Unha lixeira capa de óxido na superficie das barras non se considera prexudicial para a súa utilización. Sen embargo, non se admitirán perdas de peso por oxidación superficial, comprobadas despois dunha limpeza co cepillo de alambres ata quitar o óxido adherido, que sexan superiores ao 1% respecto ao peso inicial da mostra.
- No momento da súa utilización, as armaduras pasivas deben estar exentas de sustancias estrañas na súa superficie tales como graxa, aceite, pintura, po, terra ou calquera outro material prexudicial para a súa boa conservación ou a súa adherencia.

#### 2.2.3.2.4 Recomendacións para o seu uso en obra

- Para previr a corrosión, deberase ter en conta todas as consideracións relativas aos espesores de recubrimento.
- Con respecto aos materiais empregados, prohibese poñer en contacto as armaduras con outros metais de moi diferente potencial galvánico.

- Prohibese empregar materiais compoñentes (auga, áridos, aditivos e/ou adicións) que conteñan ións despasivantes, como cloruros, sulfuros e sulfatos, en proporcións superiores ou as establecidas.

## 2.2.4 Morteiros

### 2.2.4.1 Morteiros feitos en obra

#### 2.2.4.1.1 Condicións de subministración

- O conglomerante (cal ou cemento) debese subministrar: en sacos de papel ou plástico, axeitados para que o seu contido non sufra alteración, ou a granel, mediante instalacións especiais de transporte e almacenamento que garantan a súa perfecta conservación.
- A area debese subministrar a granel, mediante instalacións especiais de transporte e almacenamento que garantan a súa perfecta conservación.
- A auga debese subministrar dende a rede de auga potable.

#### 2.2.4.1.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** Se certos tipos de morteiro necesitan equipamentos, procedementos ou tempos de amasado especificados para o amasado en obra, débense especificar polo fabricante. O tempo de amasado mídese a partires do momento no que todos os compoñentes engadidos.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

#### 2.2.4.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

Os morteiros deben estar perfectamente protexidos da auga e do vento, xa que, se se encontra expostos á acción deste último, a mestura verá reducido o número de finos que a compoñen, deteriorando as súas características iniciais e por conseguinte non poderá ser empregado. É aconsellable almacenar os morteiros secos en silos.

#### 2.2.4.1.4 Recomendacións para o seu uso en obra

Para elixir o tipo de morteiro apropiado terase en conta determinadas propiedades, como a resistencia ao xeo e o contido de sales solubles nas condicións de servizo en función do grao de exposición e do risco de saturación de auga.

En condicións climatolóxicas adversas, como choiva, xeadas ou excesivo calor, tomarase as medidas oportunas de protección.

O amasado dos morteiros realízase preferentemente con medios mecánicos. A mestura debe ser batida ata conseguir a súa uniformidade, cun tempo límite mínimo de 1 minuto. Cando o amasado se realice a man, farase sobre unha plataforma impermeable e limpa, realizando como mínimo tres batidas.

O morteiro empregarase nas dúas horas posteriores ao seu amasado. Si é necesario, durante este tempo poderáselle agregar auga para compensar a súa perda. Pasadas as dúas horas, o morteiro que non se empregara, desbotarase.

## 2.2.5 Conglomerantes

### 2.2.5.1 Cemento

#### 2.2.5.1.1 Condicións de subministración

- O cemento subministrarse a granel ou envasado
- O cemento a granel debese transportar en vehículos, cubas ou sistemas similares axeitados, co hermetismo, seguridade e almacenamento tales que garantan a perfecta conservación do cemento, de xeito que o seu contido non sufra alteración, e que non alteren o medio ambiente.
- O cemento envasado debese transportar mediante palets ou plataformas similares, para facilitar tanto a súa carga e descarga como a súa manipulación, e así permitir mellor trato dos envases.
- O cemento non chegará á obra ou outras instalacións de uso excesivamente quente. Recomendase que, se a súa manipulación vaise realizar por medios mecánicos, a súa temperatura non exceda de 70°C, e se se vai a realizar a man, non exceda de 40°C.
- Cando se prevexa que pode presentarse o fenómeno de falso fragado, deberá comprobarse, con anterioridade ao emprego do cemento, que este non presenta tendencias a experimentar dito fenómeno.

#### 2.2.5.1.2 Recepción e control

- Documentación dos subministracións

Este material debe estar provistos do marcado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e fose obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

A entrega do cemento, xa sexa o cemento expedido a granel ao envasado, o subministrador aportará un albarán que incluírá, ao menos, os datos seguintes:

1. Número de referencia do pedido.
2. Nome e dirección do comprador e punto de destino do cemento.
3. Identificación do fabricante e da empresa subministradora.
4. Designación normalizada do cemento subministrado.
5. Cantidad que se subministra.
6. No seu caso, referencia aos datos do etiquetados correspondente ao marcado CE.
7. Data de subministración.
8. Identificación do vehículo que o transporta (matrícula).

- Ensaíos

A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realizase segundo a instrución para a recepción de cementos (RC-16).

#### 2.2.5.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

Os cementos a granel almacenaranse en silos estancos e evitarase, en particular, a súa contaminación con outros cementos de tipo ou clase de resistencia distintos. Os silos deben estar protexidos da humidade e ter un sistema ou mecanismo de apertura para a carga en condicións axeitadas dende os vehículos de transporte, sen risco de alteración do cemento.

En cementos envasados, o almacenamento deberá realizarse sobre palets ou plataforma similar, en locais cubertos, ventilados, e protexidos das choivas e da exposición directa do sol. Evitarase especialmente as situacións nas que os envases poidan estar expostos á humidade, así como as manipulacións durante o seu almacenamento que poidan danar o envase ou a calidade do cemento.



As instalacións de almacenamento, carga e descarga do cemento disporán dos dispositivos axeitados para minimizar as emisións de polvo á atmosfera.

Aínda no caso de que as condicións de conservación sexan boas, o almacenamento do cemento non debe ser moi prolongado, xa que poden meteriorizarse. O almacenamento máximo aconsellable é de tres meses, dous meses e un mes, respectivamente, para as clases resistentes 32,5, 42,5 e 52,5. Se o período de almacenamento é superior, comprobarase que as características do cemento continúan sendo axeitadas. Para elo, dentro dos vinte días anteriores ao seu emprego, realizaranse os ensaios de determinación de principio a fin de fragado e resistencia mecánica inicial a 7 días (se a clase é de 32,5) ou 2 días (para todas as demais clases) sobre unha mostra representativa do cemento almacenado, sen excluír os terróns que se formaran.

#### 2.2.5.1.4 Recomendacións para o seu uso en obra

A elección dos distintos tipos de cemento realizarase en función da aplicación ou uso ao que se destinen, as condicións de posta en obra, a clase de exposición ambiental do formigón ou morteiro fabricado con eles.

As aplicacións consideradas son a fabricación de formigóns e os morteiros convencionais, quedando excluídos os morteiros especiais e os monocapa.

O comportamento dos cementos pode ser afectado polas condicións de posta en obra dos produtos que conteñen, entre as que cabe destacar:

- Os factores climáticos: temperatura, humidade relativa do aire e velocidade do vento.
- Os procedementos de execución do formigón ou morteiro: colocado en obra, prefabricado, proxectado,
- As clases de exposición ambiental.
- Os cementos que vaian a empregarse en presenza de sulfatos, deberán ter a característica adicional de resistencia a sulfatos.
- Os cementos deberán ter a característica adicional de resistencia á auga de mar cando vaian a empregarse nos ambientes mariño somerxido ou de zona de carreira de mareas.
- Nos casos en que se vaia a empregar áridos susceptibles de producir reaccións álcalil-árido, empregaranse os cementos cun contido de alcalinos inferior a 0,60 % en masa de cemento.
- Cando se requira a esixencia de brancura, empregaranse o cemento da menor clase de resistencia que sexa posible e compatible ca resistencia mecánica do formigón desexada.

## 2.2.6 Materiais cerámicos

### 2.2.6.1 Baldosas cerámicas

#### 2.2.6.1.1 Condicións de subministración

As baldosas débense subministrar empacuetados en caixas, de xeito que non alteren as súas características.

#### 2.2.6.1.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** Este material debe estar provisto do mercado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e foi obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

#### 2.2.6.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realizarase no seu embalaxe, en lugares protexidos de impactos e da intemperie.

#### 2.2.6.1.4 Recomendacións para o seu uso en obra

**Colocación en capa grosa.** É o sistema tradicional, polo que se coloca a cerámica directamente sobre o soporte. Non se recomenda a colocación de baldosas cerámicas de formato superior a 35x35 cm, ou superficie equivalente, mediante este sistema.

**Colocación en capa fina.** É un sistema máis recente que a capa grosa, polo que se coloca a cerámica sobre unha capa previa de regularización do soporte, xa sexan recibos nas paredes ou bases de morteiro nos solos.

#### 2.2.6.2 Adhesivos para baldosas cerámicas

##### 2.2.6.2.1 Condicións de subministración

Os adhesivos débense subministrar en sacos de papel paletizados.

##### 2.2.6.2.2 Recepción e control

Documentación dos subministracións. Este material debe estar provisto de marcado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e que foi obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

Ensaio. A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

##### 2.2.6.2.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O tempo de conservación é de 12 meses a partir da data de fabricación.

O almacenamento realízase en lugar fresco e no seu envase orixinal pechado.

##### 2.2.6.2.4 Recomendacións para o seu uso en obra

Os distintos tipos de adhesivos teñen características en función das propiedades de aplicación (condicións climatolóxicas, condicións de fragado) e das prestacións finais; o fabricante é responsable de informar sobre as condicións e estado do lugar de traballo e seleccionar o adhesivo axeitado considerando os posibles riscos.

Os adhesivos deben aplicarse con espesor de capa uniforme ca axuda de llanas dentadas.

#### 2.2.6.3 Material de rexuntado para baldosas cerámicas

##### 2.2.6.3.1 Condicións de subministración

O material de rexuntado debese subministrar en sacos de papel paletizados.

##### 2.2.6.3.2 Recepción e control

###### **Documentación dos subministracións:**

- Este material debe estar marcado claramente nos embalaxes e/ou na documentación técnica do produto, como mínimo ca seguinte información
  - Nome do produto
  - Marca do fabricante e lugar de orixe
  - Data e código de produción, caducidade e condicións de almacenaxe
  - Número da norma e data de publicación
  - Identificación normalizada do produto
  - Instrucións de uso (proporcións de mestura, tempo de maduración, vida útil, modo de aplicación, tempo ata a limpeza, tempo ata permitir o seu uso, ámbito de aplicación...

## Ensaio

- A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

### 2.2.6.3.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O tempo de conservación é de 12 meses a partir da data de fabricación.

O almacenamento realízase en lugar fresco e o seu envase orixinal pechado.

### 2.2.6.3.4 Recomendacións para o seu uso en obra

Os distintos tipos de materiais para rexuntado teñen características en función das propiedades de aplicación (condicións climatolóxicas, condicións de fraguado) e das prestacións finais; o fabricante é responsable de informar sobre as condicións e o uso axeitado e o prescriptor debe avaliar as condicións e estado do lugar de traballo e seleccionar o material de rexuntado axeitado considerando os posibles riscos.

En colocación en exteriores débese protexer da chuvia e das xeadas durante as primeiras 24 horas.

## 2.2.7 Sistema de placas

### 2.2.7.1 Placas de xeso laminado

#### 2.2.7.1.1 Condicións de subministración

As placas débense subministrar apareadas e embaladas cun filme estirable, en paquetes paletizados.

Durante o seu transporte suxeitaranse debidamente, colocando cantoneiras nos cantos das placas por onde pase a cinta de suxeición.

#### 2.2.7.1.2 Recepción e control

##### Documentación dos subministracións.

- Este material debe estar previsto do mercado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e que fora obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.
- Cada palet irá identificado, na súa parte inferior esquerda, cunha etiqueta colocada entre o plástico e as placas, onde figure toda a información referente a dimensións, tipo e características do produto.
- As placas de xeso laminado levarán impreso na cara oculta:
  - Datos de fabricación: ano, mes, día e hora.
  - Tipo de placa.
  - Norma de control.
  - No canto de cada unha das placas constará a data de fabricación

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

**Inspeccións.** Unha vez que se recibe o material, é esencial realizar unha inspección visual, detectando posibles anomalías na calidade do produto.

### 2.2.7.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realízase en posición horizontal, elevados do chan sobre travesaños separados non máis de 40 cm e en lugares protexidos de golpes e da intemperie.

O lugar onde se almacene o material debe ser totalmente plano, podéndose apilar un máximo de 10 palets.

Recomendase que unha pila de placas de xeso laminado non toque ca inmediatamente posterior, deixando un espazo prudencial entre pila e pila. Deberase colocar ben alienados todas as filas, deixando espazos suficientes para evitar o roce entre elas.

#### 2.2.7.1.4 Recomendacións para o seu uso en obra

O edificio deberá estar cuberto e con fachadas pechadas.

As placas débense cortar cunha cuchilla retráctil e/ou un serrucho, traballando sempre pola cara axeitada e efectuando todo tipo de axustes antes da súa colocación, sen forzalas nunca para que encaixen no seu sitio.

Os bordes cortadores débense repasar antes da súa colocación.

As instalacións deberanse encontrar situadas nos seus recintos horizontais e en posición de espera os recorridos ou ramais verticais.

#### 2.2.7.2 Perfís metálicos para placas de xeso laminado

##### 2.2.7.2.1 Condicións de subministración

Os perfís débense transportar de forma que se garanta a inmovilidade transversal e lonxitudinal da carga, así como a axeitada suxeición do material. Para elo recomendase:

- Manter intacto o empaquetamento dos perfís ata o seu uso.
- Os perfís solápanse enfrontados de dous en dous protexendo a parte máis delicada do perfil e facilitando o seu manexo. Estes a súa vez agrúpanse en pequenos paquetes sen envoltorio suxeitos en flexes de plástico.
- Para o subministración en obra deste material agrúpanse varios paquetes de perfís metálicos con flexes metálicos. O flexe metálico levará cantoneiras protectoras na parte superior para evitar deteriorar os perfís e na parte inferior colocárase listóns de madeira para facilitar o seu manexo, que actúan a modo de palet.
- A perfilaría metálica é unha carga lixeira e inestable. Por tanto, colocáranse como mínimo de 2 a 3 flexes metálicos para garantir unha maior suxeición, sobre todo en caso de que a carga vaia a ser remontada. A suxeición do material debe asegurar a estabilidade do perfil, sen danar a súa rectitude.
- Non é aconsellable remontar moitos palets no transporte, catro ou cinco como máximo dependendo do tipo de produto.

##### 2.2.7.2.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** Este material debe estar provisto de marcado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e foi obxecto dun procedemento dunha avaliación da conformidade.

Cada perfil debe estar marcado, de forma duradeira e clara, ca seguinte información:

- O nome da empresa.
- Norma que ten que cumprir
- Dimensións e tipo de material
- Data e hora de fabricación

Ademais, o marcado completo debe figurar na etiqueta, no embalaxe ou nos documentos que acompañan ao produto.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

**Inspeccións.** Unha vez que se recibe o material, é esencial realizar unha inspección visual, detectando posibles anomalías no produto. Se os perfís mostran óxido ou un aspecto branquecino, debido a facer estado moito tempo expostos á chuvia, humidade ou xeadas, debese dirixir ao distribuidor.

#### 2.2.7.2.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realizarase cerca do lugar de traballo para facilitar o seu manexo e evitar o seu deterioro debido aos golpes.

Os perfís vistos poden estar na intemperie durante un longo período de tempo sen que se oxiden polo auga. A pesar diso, deberanse protexer se teñen que estar moito tempo expostos ao auga, xeadas, nevadas, humidade ou temperatura moi alta.

O lugar onde se almacena o material debe ser totalmente plano e pódense apilar ata unha altura duns 3 metros, dependendo do tipo de material.

Este produto é altamente sensible aos golpes, de aí que se deba prestar atención se a manipulación realizase con maquinaria, xa que pode deteriorarse o produto.

Si se manipula manualmente, é obrigatorio facelo con guantes especiais para o manexo de perfilaría metálica. O seu corte é moi afilado e pode provocar accidentes senón se toman as precaucións axeitadas.

É conveniente manexar os paquetes entre dúas persoas, a pesar de que a perfilaría é un material moi lixeiro.

#### 2.2.7.3 Pastas para placas de xeso laminado

##### 2.2.7.3.1 Condicións de subministración

As pastas que se presentan en polvo débense subministrar en sacos de papel de entre 5 e 20 kg, paletizados a razón de 1000 kg por palet retractado.

As pastas que se presentan como tal débense subministrar en envases de plástico de entre 7 e 20 kg, paletizados a razón de 800 kg por palet retractado.

##### 2.2.7.3.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** Este material debe estar provisto do mercado CE, que é unha indicación de que cumpre o requisitos esenciais e foi obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

Ademais, o mercado completo debe figurar na etiqueta, no embalaxe ou nos documentos que acompañan ao produto.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realizase segundo a normativa vixente.

##### 2.2.7.3.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realizarase en lugares cubertos, secos, resgardados da intemperie e protexidos da humidade, do sol directo e das xeadas.

Os sacos de papel que conteñan pastas colocaranse separados do chan, evitando calquera contacto con posibles residuos líquidos que poden encontrarse nas obras. Os sacos de papel presentan microperforacións que permiten a aireación do produto. Expoñer este produto ao contacto con líquidos ou a altos niveis de humidade ambiente poden provocar a compactación parcial do produto.

Os palets de pastas de xuntas presentadas en sacos de papel non se aplicarán en máis de dúas alturas. A resina termoplástica que contén este material reacciona baixo condicións de presión e temperatura, xerando un reblandecemento de material.

Os palets de pasta de agarre presentada en sacos de papel permiten ser apilados en tres alturas, xa que non conteñen resina termoplástica.

As pastas envasadas en botes de plásticos poden almacenarse sobre o chan, pero nunca apilaranse se non andeis, xa que os envases de plástico poden sufrir deformacións baixo altas temperaturas ou presión de carga.

É aconsellable realizar unha rotación cada certo tempo de material almacenado, liberando a presión constante que sofre este material se é almacenado en varias alturas.

Debese evitar a existencia de elevadas concentracións de produto en polvo no aire, xa que pode provocar irritacións nos ollos e vías respiratorias e sequidade na pel, polo que se recomenda empregar guantes e gafas protectoras.

#### 2.2.7.3.4 Recomendacións para o seu uso en obra

Pastas de agarre. Comprobarase que as paredes son absorbentes, están en bo estado e libres de humidade, sucidade, polvo, graxa ou aceites. As superficies imperfectas a tratar non deben presentar irregularidades superiores a 15 mm.

## 2.2.8 Illantes e impermeabilizantes

### 2.2.8.1 Illantes de la mineral

#### 2.2.8.1.1 Condicións de subministración

Os illantes débense subministrar en forma de paneis enrolados ou mantas, envoltos en filmes plásticos.

Os paneis ou mantas agrúpanse formando palets para o seu mellor almacenamento e transporte.

No caso de desmontar os palets, os paquetes resultantes deben transportarse de xeito que non se desprazan pola caixa do transporte.

Procurarase non aplicar pesos elevados sobre os mesmos, para evitar o seu deterioro.

#### 2.2.8.1.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** Este material debe estar provisto de marcado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e que foi obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

#### 2.2.8.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

Conservar e almacenar preferentemente nun palet orixinal, protexidos do sol e da intemperie, salvo cando estea prevista a súa aplicación.

Os palets completos poden almacenarse á intemperie por un período limitado.

Os paneis deben almacenarse baixo cuberto, sobre superficies planas e limpas.

Sempre que se manipule o panel de la de roca farase con guantes.

Baixo ningún concepto debe empregarse para cortar o produto maquinaria que poida diseminar polvo, xa que este produce irritación de garganta e de ollos.

#### 2.2.8.1.4 Recomendacións para o seu uso en obra

En illantes empregados en cubertas, recomendase evitar a súa aplicación cando as condicións climatolóxicas adversas, en particular cando estea nevando ou haxa neve ou xeo sobre a cuberta, cando chova ou a cuberta estea mollada, ou cando sobre o vento forte.

Os produtos deben colocarse sempre secos.

### 2.2.9 Carpintería e ferraxaría

#### 2.2.9.1 Fiestras e balcaneiras

##### 2.2.9.1.1 Condicións de subministro

As fiestras e balcaneiras deben ser subministradas cas proteccións necesarias para que cheguen á obra nas condicións esixidas e co escuadrado previsto.

##### 2.2.9.1.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** Este material deben estar provisto do marcado CE, que é unha indicación que cumpre cos requisitos esenciais e foi obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

##### 2.2.9.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realízase en lugares protexidos de chuvias, focos de humidade e impactos.

Non debe estar en contacto co solo.

#### 2.2.9.2 Portas

##### 2.2.9.2.1 Condicións de subministración

As portas débense subministrar protexidas, de xeito que non se alteren as súas características.

##### 2.2.9.2.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** O subministrador facilitará a documentación que se relaciona a continuación:

- Documentos de orixe, folla de subministración e etiquetado.
- Certificado de garantía do fabricante, firmado por persoa física.
- Documentos de conformidade ou autorizacións administrativas esixidas regulamentariamente.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

**Inspeccións.** En cada subministración deste material que chegue á obra débese controlar como mínimo:

- Escuadría e planeidade das portas.
- Verificación das dimensións.

### 2.2.9.2.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realizarase conservando a protección da carpintería ata o revestimento da fábrica e a colocación, no seu caso, do acristalamento.

### 2.2.9.2.4 Recomendacións para o seu uso en obra

A fábrica que reciba a carpintería da porta estará rematada, a falta de revestimentos. O cerco estará colocado e aplomado.

Antes da súa colocación comprobarase que a carpintería conserva a súa protección. Repasarase o axuste dos herraxes a nivelación das follas.

## 2.2.9.3 Portas industriais, comerciais, de garaxe

### 2.2.9.3.1 Condicións de subministración

As portas débense subministrar protexidas, de xeito que non se alteren as súas características e se asegure a súa escuadra e planeidade.

### 2.2.9.3.2 Recepción e control

Documentación dos submnistros. Este material debe estar provisto do mercado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e foron obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

O fabricante deberá subministrar xunto ca porta todas as instrucións para a instalación e montaxe dos distintos elementos da mesma, comprendendo todas as advertencias necesarias sobre os riscos existentes ou potenciais no montaxe da porta ou dos seus elementos. Tamén deberá aportar unha lista completa dos elementos da porta que precisen un mantemento regular, cas instrucións necesarias para un correcto mantemento, recambio, engrases, apriete, frecuencia de inspección.

Ensaio. A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realizarase segundo a normativa vixente.

### 2.2.9.3.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realizarase en lugares protexidos de choivas, focos de humidade e impactos.

Non deben estar en contacto co chan.

## 2.2.10 Vidros

### 2.2.10.1 Vidros para a construción

#### 2.2.10.1.1 Condicións de subministración

Os vidros débense transportar en grupos de 40 cm de espesor máximo e sobre material non duro.

Os vidros débense entregar con corchos, intercalados, de xeito que haxa aireación entre eles durante o transporte.

#### 2.2.10.1.2 Recepción e control

**Documentación dos subministracións.** Este material debe estar provisto de mercado CE, que é unha indicación de que cumpre os requisitos esenciais e que foi obxecto dun procedemento de avaliación da conformidade.

**Ensaio.** A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realizase segundo a normativa vixente.



### 2.2.10.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realizarase protexido de accións mecánicas tales como golpes, raiduras, e sol directo e de accións químicas como impresións producidas pola humidade.

Almacenaranse en grupos de 25 cm de espesor máximo e cunha pendente do 6% respecto da vertical.

Almacenaranse as pilas de vidro comezando polos vidros de maior dimensión e procurando poñer sempre entre cada vidro materiais tales como corchos, listóns de madeira ou papel ondulado. O contacto dunha aresta cunha cara do vidro pode provocar raias na superficie. Tamén é preciso procurar que todos os vidros teñan a mesma inclinación, para que apoiem de forma regular e non haxa carga puntuais.

É conveniente tapar as pilas de vidro para evitar a sucidade. A protección debe ser ventilada.

A manipulación de vidros cheos de polvo pode provocar raias na superficie dos mesmos.

### 2.2.10.1.4 Recomendacións para o seu uso en obra

Antes de acristalamento, recomendase eliminar os corchos do almacenaxe e transporte, así como as etiquetas identificativas do pedido, xa que de non facelo ou quentamento podería ocasionar roturas térmicas.

## 2.2.11 Instalacións

### 2.2.11.1 Tubaxes de PVC

#### 2.2.11.1.1 Condicións de subministracións

Os tubos débense subministrar a pe de obra en camións, sen paletizar, e os accesorios en caixas axeitadas para eles.

O entubado débense colocar sobre os camións de forma que non se produzan deformacións por contacto con arestas vivas, cadeas ...

As tubaxes e accesorios débense cargar de xeito que non se produza ningún deterioro durante o transporte. As tubaxes débense apilar a unha altura máxima de 1,5 m.

Débense evitar a colocación de pes excesivo encima do entubado, colocando as caixas de accesorios na base do camión.

#### 2.2.11.1.2 Recepción e control

Documentación dos subministracións.

- Os tubos e accesorios deben estar marcados a intervalos de 1 m para sistemas de evacuación e de 2 m para saneamento enterrado e ao menos unha vez por elemento con:
  - Os caracteres correspondentes á designación normalizada.
  - A trazabilidade da tubaxe (información facilitada polo fabricante que indique a data de fabricación, en cifras ou no código, e un número ou código indicativo da factoría de fabricación no caso de existir máis dunha).
- Os caracteres de marcado deben estar etiquetados, impresos ou gravados directamente sobre o elemento de forma que sexan lexibles despois do seu almacenamento, exposición á intemperie, instalación e posta en obra.
- O marcado non debe producir fisuras ou outro tipo de defecto que inflúa desfavorablemente sobre a aptitude ao uso do elemento.

- Considerarase aceptable un marcado por gravado que reduza o espesor da parede menos 0,25 mm, sempre que non se infrinxan as limitacións de tolerancias en espesor.
- Se se emprega o sistema de impresión, a cor da información debe ser diferente á cor base do elemento.
- O tamaño do marcado debe ser facilmente lexible sen aumento.
- Os elementos certificados por unha terceira parte que poidan estar marcados en consecuencia.

Ensaio. A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

#### 2.2.11.1.3 Conservación, almacenamento e manipulación

Os tubos e accesorios deben descargarse coidadosamente.

Debe evitarse o dano nas superficies á luz directa do sol durante longos períodos de tempo.

Debe dispoñerse dunha zona de almacenamento que teña o solo liso e nivelado, ou un leito plano de estrutura de madeira, co fin de evitar calquera curvatura ou deterioro do entubado.

O entubado con embocadura e con accesorios montados previamente débense dispoñer de forma que estean protexidos contra o deterioro e os extremos queden libres de cargas, por exemplo, alterando os extremos con embocadura e os extremos sen embocadura ou en capas adxacentes.

Debe evitarse todo risco de deterioro levando o entubado e accesorio sen arrastrar ata o lugar de traballo.

Debe evitarse calquera indicio de sucidade nos accesorios e nas bocas do entubado, pois poden dar lugar, se non se limpa, a instalación defectuosas. A limpeza da tubaxe e dos accesorios débese realizar mediante líquido limpador e seguindo as instrución do fabricante.

O entubado débese cortar limpo de rebabas.

#### 2.2.11.2 Grifería sanitaria

##### 2.2.11.2.1 Condicións de subministración

Subministraranse en bolsa de plástico dentro de caixa protectora.

##### 2.2.11.2.2 Recepción e control

Documentación dos subministracións.

- Este material debe estar marcado de xeito permanente e lexible con:
  - Para grifos convencionais do sistema Tipo 1
    - O nome ou identificación do fabricante sobre o corpo ou o órgano de manobra.
    - O nome ou identificación do fabricante sobre o órgano de manobra.
    - Os códigos das clases de nivel acústico e do caudal (o marcado de caudal so é esixible se é grifo está dotado dun regulador de chorro intercambiable).
  - Para os mesturados termoestáticos
    - O nome ou identificación do fabricante sobre o corpo ou o órgano de manobra.
    - As letras LP (baixa presión).
- Os dispositivos de control dos grifos débense identificar para a auga fría, o color azul, ou a palabra, ou a primeira letra de fría; para a auga quente, e o cor vermello, ou a palabra, ou a primeira letra de quente.
- Os dispositivos de control dos mesturados termoestáticos deben levar marcada unha escala ou símbolos para o control da temperatura.

Ensaio. A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

Inspeccións.

- O dispositivo de control para auga fría debe estar á dereita e da auga quente á esquerda cando se mira ao grifo de fronte. No caso de dispositivo de control situados un por encima do outro, a auga quente debe estar na parte superior.
- En cada subministración deste material que chegue á obra débese controlar como mínimo:
  - A non existencia de manchas e bordes desportillados.
  - A falta de esmalte ou outros defectos nas superficies lisas.
  - A cor e textura uniforme en toda a súa superficie.

#### 2.2.11.2.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realízase no seu embalaxe, en lugares protexidos de impactos e da intemperie.

#### 2.2.11.3 Aparatos sanitarios cerámicos

##### 2.2.11.3.1 Condicións de subministración

Durante o transporte as superficies protexeranse axeitadamente.

##### 2.2.11.3.2 Recepción e control

Documentación dos subministracións. Este material disporá dos seguintes datos:

- Unha etiqueta co nome ou identificación do fabricante.
- As instrucións para a súa instalación.

Ensaio. A comprobación das propiedades ou características esixibles a este material realízase segundo a normativa vixente.

#### 2.2.11.3.3 Conservación, almacenamento e manipulación

O almacenamento realízase en lugares protexidos de impactos e da intemperie. Colocarase en posición vertical.

## 2.3 Prescricións en canto á execución por unidade de obra

As prescricións para a execución de cada unha das diferentes unidades de obra organizanse nos seguintes apartados:

### **MEDIDAS PARA ASEGURAR A COMPATIBILIDADE ENTRE OS DIFERENTES PRODUTOS, ELEMENTOS E SISTEMAS CONSTRUTIVOS QUE COMPOÑEN A UNIDADE DE OBRA.**

Especificanse, en caso de que existan, as posibilidades incompatibilidades, tanto físicas como químicas, entre os diversos compoñentes que compoñen a unidade da obra, ou entre o soporte e os compoñentes.

### **CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.**

Descríbese a unidade de obra, detallando de xeito pormenorizada os elementos que a compoñen, ca nomenclatura específica correcta de cada un deles, de acordo aos criterios que marca a propia normativa.

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Especificanse as normas que afectan á realización da unidade de obra.

### **CRITERIO DE MEDICIÓN NO PROXECTO**

Indica como se mediu a unidade de obra na fase de redacción do proxecto, medición que logo será comprobada en obra.

### **CONDICIÓN PREVIAS QUE SE CUMPRIRÁN ANTES DA EXECUCIÓN DAS UNIDADES DE OBRA.**

Antes de iniciarse os traballos de execución de cada unha das unidades de obra, o Director de Obra recibirá os materiais e os certificados acreditativos esixibles, en base ao establecido na documentación pertinente polo técnico redactor do proxecto. Será preceptiva a aceptación previa por parte do Director de Obra de tódolos materiais que constitúen a unidade de obra.

Así mesmo, realizarase unha serie de comprobacións previa sobre as condicións do soporte, as condicións ambientais do entorno, e a cualificación da man de obra, no seu caso.

- **DO SOPORTE**

Establécense unha serie de requisitos previos sobre o estado das unidades de obra realizadas previamente, que poden servir de soporte á nova unidade de obra.

- **AMBIENTAIS**

En determinadas condicións climáticas (vento, choiva, humidade, ..) non poderán iniciarse os traballos de execución da unidade de obra, deberán interromperse ou será necesario adoptar unha serie de medidas protectoras.

- **DO CONSTRUTOR**

Nalgúns casos, será necesaria a presentación ao Director da Obra dunha serie de documentos por parte do Construtor, que acrediten a súa cualificación, ou da empresa polo subcontratada, para realizar certo tipo de traballos. Por exemplo a posta en obra de sistemas construtivos en posesión dun Documento de Idoneidade Técnica (DIT), deberán ser realizados por unha propia empresa propietaria do DIT, ou por empresas especializadas e cualificadas, recoñecidas por esta e baixo o seu control técnico.

## **PROCESO DE EXECUCIÓN**

Neste apartado desenrolase o proceso de execución de cada unidade de obra, asegurando en cada momento as condicións que permitan conseguir o nivel de calidade previsto para cada elemento construtivo en particular.

- **FASES DE EXECUCIÓN**

Numéranse, por orde de execución, as fases das que consta o proceso de execución da unidade de obra.

- **CONDICIÓN DE TERMINACIÓN**

Nalgunhas unidades de obra faise referencia ás condicións nas que se debe finalizarse unha determinada unidade de obra, para que non interfira negativamente no proceso de execución do resto de unidades.

Unha vez finalizados os traballos correspondentes á execución de cada unidade de obra, o Construtor retirará os medios auxiliares e procederá á limpeza do elemento realizado e das zonas de traballo, recollendo os restos de materiais e demais residuos orixinados polas operacións realizadas para executar a unidade de obra, sendo todos eles clasificados, cargados e transportados a centro de reciclaxe, vertedoiro específico ou centro de acollida ou transferencia.

## **PROBAS DE SERVIZO**

En aquelas unidades de obras que sexan necesario, indicanse as probas de servizo a realizar polo propio Construtor ou empresa instaladora, cuxo custo atopase incluído no propio da unidade de obra.

Aquelas outras probas de servizo ou ensaios que non están incluídos no prezo da unidade de obra, e que é obrigatoria a súa realización por medio de laboratorios acreditados atópanse detalladas e presupostadas, no correspondentes capítulo de Control de Calidade e Ensaio, do Presuposto de Execución Material (PEM).

## **COMPROBACIÓN EN OBRA DAS MEDICIÓN EFECTUADAS EN PROXECTO E ABONO DAS MESMAS**

Indica como se comprobaran en obra as medicións de proxecto, unha vez superados todos os controis de calidade e obtida a aceptación final por parte do Director da Obra.

A medición do número de unidades de obra que se abonara realizárase, no seu caso, de acordo cas normas que establece este capítulo, terá lugar en presenza e con intervención do Construtor, entendendo que este renuncia a tal dereito se, avisado oportunamente, non comparecese a tempo. En tal caso, será válido o resultado que o Director de Obra.

Todas as unidades de obra abonarán aos prezos establecidos no Presuposto. Ditos precisos abonarán polas unidades rematadas e executadas con arranxo ao presente Prego de Condicións Técnicas Particulares e Prescricións en cando á Execución por unidade de obra.

Estas unidades comprenden o subministración, canóns, transporte, manipulación e emprego dos materiais, maquinaria, medios auxiliares, man de obra necesaria para a súa execución e custos indirectos derivados destes conceptos, así como cantas necesidades circunstanciais requíranse para a execución da obra, tales como indemnizacións por danos a terceiros ou ocupacións temporais e custos de obtención dos permisos necesarios, así como das operacións temporais e custos de obtención dos permisos necesarios, así como das operacións necesarias para a reposición de servidumes e servizos públicos ou privados afectados tanto polo proceso de execución das obras como polas instalacións auxiliares.

Igualmente, aqueles conceptos que se especifican na definición de cada unidade de obra, as operacións descritas no proceso de execución dos ensaios e probas de servizo e posta en funcionamento, inspeccións, permisos, boletíns, licencias, taxas ou similares.

